



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

BORRADOR ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2020/G010/000009	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	18 de setembro de 2020
Duración	Dende as 13,55 horas ata as 15,23 horas
Lugar	Edificio Multiusos Concello de Frades
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	NO
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

35314415P

MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE

SÍ

Unha vez verificada pola **Secretaría** a válida constitución do órgano, o presidente unha vez expresado o seu agradecemento por poder retrasar a sesión ordinaria, abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecidas polos/as asistentes, a través de borradores repartidos coa convocatoria, as seguintes actas

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 15 de xullo de 2020.
- Acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 25 de agosto de 2020.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

Non se formulan observacións. O Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes actas:

- Acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 15 de xullo de 2020.
- Acta da sesión extraordinaria do Pleno celebrada o día 25 de agosto de 2020.

2.- ASUNTO.: DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía dende o nº 127/2020 ata o número 163/2020, en formato PDF.

O Pleno queda sabedor.

3.-ASUNTO.: APROBACIÓN SE PROCEDE DOS DOUS DÍA QUE TERÁN CARÁCTER DE FESTAS LOCAIS NO 2021.-

O Alcalde procede a explicar que a Xunta no mes de xuño xa aprobou os festivos autonómicos:

- Letras galegas
- San Xosé



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O noso Concello debe trasladar á Xunta de Galicia os festivos locais 2021. Noutros anos xa deberíamos de haber recibido a comunicación da Consellería de Emprego e Igualdade, solicitando o calendario laboral local 2021.

O Alcalde-Presidente procede a realizar a seguinte proposta:

- 16 febreiro, martes de entroido.
- 29 de setembro, San Miguel

Intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero para preguntar se non hai posibilidade de cambiar o 29 de setembro polo 24 de xuño, San Xoán?

O Sr. Alcalde: responde dicindo que <<Entendemos que o 29 de setembro é una tradición.>>

Intervén o voceiro do BNG_ GRUPO MIXTO , D. Manuel Míguez Villaverde para sinalar que quizá sexa máis universal o día de San Xoán.

A continuación sométese a proposta a votación.

O Pleno, coas abstencións dos concelleiros dos grupos municipais do PSOE e BNG_ GRUPO MIXTO , e o voto a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, acorda aprobar o calendario laboral local 2021, establecendo como días festivos:

- **16 febreiro, martes de entroido.**
- **29 de setembro, San Miguel**

<<4.-ASUNTO.: SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO, DA CESIÓN DA N-634 NO TRAMO INTERIOR DO NÚCLEO DE PONTECARREIRA.-

O Sr. Alcalde-Presidente procede a dar conta do Informe dos servizos técnicos municipais sobre o estado da N-634 ao seu paso polo Concello de Frades., co teor literal seguinte:

<<INFORME sobre o estado da N-634 ao seu paso por Ponte Carreira, no Concello de Frades

Mónica García Soage, en calidade de Arquitecto Municipal do Concello de Frades, en A Coruña,INFORMO:

PRIMEIRO.- A estrada N-634, pasa polo Concello de Frades, dende o Lugar de Pontecarreira, na Parroquia de Gafoi, ata o Lugar de Aboi, na Parroquia de Céltigos.

SEGUNDO.- Na actualidade dita estrada ten dous tramos ven diferenciados; por un lado está o tramo máis urbano, que discorre polo núcleo de Pontecarreira, e por outro, está o tramo que se desenvolve por solo rústico.

TERCEIRO.- No seu tramo urbano, ao paso por Pontecarreira, ten numerosos desperfectos nas beirarrúas, con bordes e tramos que teñen pezas levantadas ou que xa non existen, como se amosa nas fotografías a continuación.



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686 - *FRADES* (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es





Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686 - *FRADES* (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

CUARTO.- O estado do firme en todo o trazado urbano da N-634 está moi deteriorado, con numerosas gretas e elementos desprendidos.





Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686 - *FRADES* (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es





Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es



CONCLUSIÓN

PRIMEIRO.- En conclusión ao exposto nos puntos anteriores, compróbase que o estado da estrada N-634, no seu paso polo Concello de Frades, no tramo urbano de Pontecarreira presenta numerosos problemas que dificultan o tránsito pola mesma, así como que presenta problemas de seguridade viaria tanto para os vehículos como para os peóns.

SEGUNDO.- Proponse por parte dos servizos técnicos municipais, solicitar ao organismo titular da estrada, que corresponde coa Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, o arranxo de todos os problemas detectados para poder mellorar a seguridade viaria en dita estrada no seu paso polo Concello de Frades.

E para que sirva ós efectos oportunos, expido o presente INFORME sobre o estado da N-634 ao seu paso polo Concello de Frades.>>

O Sr. Alcalde- Presidente propón ao Pleno da Corporación, vista a situación anterior, a adopción do seguinte ACORDO:

Solicitar ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, a cesión da N-634 ao seu paso polo Concello de Frades, condicionado ao arranxo da mesma, e á construción dunha senda peonil, que xa está proxectada, coa clave 33-LC-50405, e forma parte do Proxecto denominado "Acondicionamiento y mejora de la carretera N-634 a entre los pk 688+755 a 690+560 tramo Pontecarreira, término municipal de Frades", en trámite de aprobación técnica, con un presupuesto de 348.870,62 euros, en la Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

A continuación, polo Sr. Alcalde- presidente sométese o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos.>>

5.-ASUNTO.: MOCIÓNS.-

5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

O voceiro do grupo municipal do PP, D. Manuel Ferreiro Marzoa expresa que o dito grupo municipal retira a súa moción presentada con data 8 de setembro de 2020, con número de rexistro de entrada 466/2020, por carecer de sentido neste momento, dado que foi rexeitada no Congreso.

5.2.- MOCIÓN DO PSOE EN RELACIÓN AO PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao portavoz do PSDG-PSOE, o concelleiro D. Enrique Astray Otero, que procede á lectura da moción presentada o día 4 de setembro de 2020, con número de rexistro de entrada no Concello nº 460/2020, co teor literal seguinte:

<<O Grupo Municipal Socialista do Concello de Frades, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación ao Protocolo fronte ao coronavirus na volta ás aulas este vindeiro curso escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

- Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.
- Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que

se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.

- Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal socialista de Frades presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de Frades insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:

- 1. Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.**
- 2. Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.**
- 3. Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.**
- 4. Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.**
- 5. Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.**
- 6. Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais...>>**

A continuación o Alcalde-presidente concede a palabra ao voceiro do PP e concelleiro de ensino D. Manuel Ferreiro Marzoa, que sinala que por un lado o equipo de goberno está disposto a apoiar sempre e cando se engada a seguinte emenda:

1.- Instar ao Goberno Central a dotar de maneira definitiva e real de fondos específicos para a aplicación das medidas contempladas no documento aprobado na Conferencia Sectorial



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

de Educación do xoves 27 agosto, tanto a nivel da Xunta de Galicia e como a nivel dos Concellos.

2.- Instar á Xunta de Galicia a seguir poñendo en marcha todas as medidas acordadas cos Ministerios de Educación e Sanidade para garantir a maior normalidade nas aulas e para establecer a mellor situación posible para a consecución dos obxectivos académicos marcados para o curso 20-21, con especial énfase no coidado do benestar emocional de todo o alumnado na volta ás aulas.

Intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero para sinalar que non teñen problema en engadir os ditos puntos.

Intervén o voceiro do BNG_ GRUPO MIXTO , D. Manuel Míguez Villaverde para sinalar que

<<Hai que ter en conta que Galicia tiña xa feito os deberes, o día 22 de xullo xa tiña presentado un Protocolo. O protocolo de desinfección da Xunta de Galicia está aprobado polo Consello de Educación e polo Consello de Sanidade, fanse limpeza en zonas comúns, insistindo nos servizos, pomos... e non supón en ningún caso un custo adicional para os Concellos, fanse ademais saídas ao recreo por quendas, horarios diferentes nas entradas e saídas por cursos, respectar os aforos... No resto de gastos do Concello... o coronavirus para nós non tería que supoñer nesta área un aumento de gasto.>>

Intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero para dicir que <<As competencias de Educación son da Xunta. Cada CCAA ten que facer o seu protocolo. En Frades, quen leva a limpeza do CPI?>>

O Sr. Alcalde- presidente toma a palabra para sinalar que <<creo que a moción tipo que presentastes nada ten que ver co colexio de Pontecarreira. Nós non soportamos nada para limpeza e desinfección. Todo o soporta a Xunta incluso cando se fan actividades da Xunta no Pavillón. A limpeza, a calefacción... todo iso o ten asumido a Xunta, nós so limpamos o pavillón nas nosas actividades extraescolares. Entendemos que esta moción val para Galiza pero para o colexio de Frades non encaixa moito. Entendemos que esta moción se debería de presentar polo grupo municipal socialista no Parlamento. >>

Intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero para afirmar que <<...se mandan aos nenos para casa se poderían xerar maiores gastos para o Concello, por exemplo, no anterior confinamento, foi o Concello o que se fixo cargo dos ordenadores. Ogallá non nos desencaixe máis do que nos desencaixou...non queremos que o Concello soporte maior carga da que lle corresponde. Podemos estar cumprindo en desinfección agora, pero isto non sabemos como vai a acabar. Estou dacordo coa emenda que queredes aprobar.>>

Intervén o concelleiro do PSOE, D. Aurelio Garea <<Quería engadir un comentario, dicirlle ao portavoz do PP, que naqueles días nos que nos atacaba o COVID, o Sr. Feijoo dicíalle a Sánchez que Galicia tiña capacidade para gobernar, e que lle deixase asumir as súas competencias, recodarlle ao Sr. Feijoo que o Protocolo o fixo un pouco tarde.>>

Intervén o voceiro do BNG_ GRUPO MIXTO , D. Manuel Míguez Villaverde que sinala que <<Aínda que o colexio está nunha situación óptima, e a administración educativa está



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

contenta co concello, non están contentos coa Xunta de Galicia, malia, sabendo que se cambiou a conselleira e tres directores xerais, ademáis hai que ter en conta que en secundaria xa se retrasou a volta o colexio, pero hai que instar a que mellore porque cometeu moitos erros nos protocolos.>>

O Sr. Alcalde- presidente toma a palabra para sinalar que o único que pedía Feijoo era que houbera un único protocolo común para todas as autonomías, porque agora parece que o Goberno Central mira para outro lado, e non chegou a mandalo ata finais de agosto.

O Pleno da Corporación por unanimidade ACORDA aceptar a emenda do voceiro do PP e concelleiro de ensino D. Manuel Ferreiro Marzoa, e aprobar a moción do PSOE, coa emenda anterior nos seus mesmos termos.

5.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FRADES PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A REALIZAR O INVENTARIO MUNICIPAL.-

O Sr. Alcalde-Presidente concede a palabra ao portavoz do PSDG-PSOE, o concelleiro D. Enrique Astray Otero, que procede á lectura da moción presentada co teor literal seguinte:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE FRADES PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A REALIZAR O INVENTARIO MUNICIPAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Frades é dos poucos concello da provincia de A Coruña no que non existe o inventario municipal; pois no seu día a Deputación da Coruña, naquel entón presidida polo socialista, Salvador Fernández Moreda, sacou un plan, ao que se podían adherir os concello para realizar os seus inventarios municipais. Dito plan estivo en vigor até o ano 2017, ano no que se extinguiu o plan por falta de demanda.

Carecer de inventario resulta, dende o noso punto de vista, un prexuízo, tanto para acción do goberno local, como para o traballo dos habilitados; que non poden visualizar de xeito rápido e sinxelo sobre que bens ten que actuar o concello ou sobre cales ten responsabilidade, así como as dificultades que ocasiona a hora de facer un arqueo.

Ademais, non ter inventario pode ocasionar problemas na titularidade de certos bens do concello.

Atendendo a isto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN

1. Solicitamos o goberno local do Concello de Frades a realización dun inventario municipal no cal se inclúan tanto os bens inmobles como os bens mobles (mobiliario normalizado, elementos de transporte, maquinaria, instalacións, material informático, audiovisual e de comunicación, patrimonio histórico artístico...>>



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Intervén o Sr. Alcalde-presidente para explicar que no seu momento houbo unha proposta de Moreda, houbo unha iniciativa na que se acolleron algúns Concellos para facer un inventario, que non era total, só se incluían edificios e outro inmovilizado pero non estradas.

Ademais se necesitaba persoal para que facilitase datos do Concello nese momento

Agora están intentando abordar o tema dos inventarios municipais para facelos, e para os Concellos que o teñan os podan actualizar cos medios electrónicos dos que dispoñen.

Temos a intención de solicitar á Deputación de A Coruña en solicitar adherirnos a esta iniciativa para que nos dean soporte para a realización dun inventario, e que podamos telo actualizado, como outros Concellos como Touro...

Intervén o voceiro do PSOE, D. Enrique Astray Otero para sinalar que facilitaríase moito máis saber a titularidade dos bens e dos camiños.

Intervén o voceiro do BNG_ GRUPO MIXTO , D. Manuel Míguez Villaverde que sinala sería unha boa iniciativa.

O Pleno da Corporación por unanimidade ACORDA aprobar a moción do PSOE, nos seus mesmos termos, e solicitar a realización dun inventario á Deputación Provincial de A Coruña.

6.-ASUNTO.: INFORMES DA ALCALDÍA.-

O Sr. Alcalde-Presidente procede a informar dos seguintes asuntos:

- ESTASE REALIZANDO OBRAS: Parque de Pontecarreira, subvención de vicepresidencia para reparar o empedrado, tamén as obras na piscina municipal, se rematou a obra do PEIM.
- DESBROCE: están todas as pistas asfaltadas desbrozadas, tamén os eixes principais que se desbrozaron dúas veces, están desbrozadas: ledoira, aña, celtigos, vitre, f rades e abellá.
- REPARACIÓN DE PISTAS DENDE O MES DE MAIO: acceso parcelas agrícolas Papucín, Vitre, Moar e Céltigos. Rematouse a obra de AGADER.
- ECOERCE PLATAFORMA: Nos puxemos en contacto coa comarcal de ordes, asociación de empresarios que esta a poñer en marcha un tema similar, e se lles vai a mandar unha carta a todos os comerciantes e empresarios que queiran engadirse á asociación. Teríamos que subvencionar dende o concello á dita asociación.
- PLAN REACTIVA DEPUTACIÓN CORUÑA: Nos vamos a adherir. Para axudar aos empresarios que tiveron que adaptar os locais ao COVID, e gastos correntes. O



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléf: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Concello ten que poñer un 20% da axuda. Temos ata o 9 de outubro para adherirnos. A deputación poría 36.000,00 euros e o Concello poría 7.000,00 euros.

- Obradoiro de emprego: Ampliouse 3 meses máis, ata finais de novembro.
- COVID-19: Seguimos a cero casos en Fraides.

7.-ASUNTO.: **ROGOS E PREGUNTAS.-**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédense a preguntar se algún concelleiro/a quere formular rogo/s ou pregunta/s.

Intervén o voceiro do BNG_ GRUPO MIXTO _ Grupo mixto D. Manuel Míguez Villaverde, para formular o seguinte rogo << Quedamos en crear unha mesa de traballo.

O Sr. Alcalde explica que <<non se creou, só falamos coa Asociación. Se queredes teremos unha reunión con eles...>>

Intervén o voceiro do BNG_ Grupo mixto D. Manuel Míguez Villaverde para sinalar que <<A idea de adherirse a unha plataforma grande ten vantaxes e tamén inconvenientes. Habería que sopesar os pros e contras por se queda diluído o comercio de fraides, sería unha cuestión para analizar. Tamén paréceme arriscado.>>

O Sr. Alcalde explica que <<Non podemos crear unha plataforma para catro ou cinco comerciantes, o lóxico é aproveitálos a Asociación comarcal...>>

O voceiro do BNG_ Grupo mixto D. Manuel Míguez Villaverde explica que <<Se non facemos un previo análise para saber cantos comerciantes estarían interesados nin facemos unha mesa de traballo non vamos a ter datos fiables.>>

A continuación, o voceiro do PSOE, D.Enrique Astray Otero formula o seguinte rogo: <<Comentar que o desinfectante do parque de Pontecarreira en principio non parece que lle fai algo a roupa pero causa manchas na roupa. Destiñe os pantalóns e polos...>>

O voceiro do PP, D.Manuel Ferreiro Marzoa explica que <<...faise a primerísima hora, así que non tería por que causar problema. Estase pulverizando con un produto similar á lexía e hipoclorito.>>

O Sr. Alcalde explica que <<É preferible saber que o parque estea ben desinfectado que se estropee a roupa.>>

A continuación, o voceiro do PSOE, D.Enrique Astray Otero formula a seguinte pregunta: <<¿Cada canto nos dan os datos do COVID-19?>>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 0 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fades.dicoruna.es

O Sr. Alcalde explica que cando se piden.

A continuación, o voceiro do PSOE, D.Enrique Astray Otero formula a seguinte pregunta: <<O depósito de Gafoi ou baleiraba ou perdía auga, ten algún sistema para cando enche desborde?>>

O voceiro do PP, D.Manuel Ferreiro Marzoa explica que <<...temos que cambiar o sistema de transmisión que hai entre os dous depósitos. Subiuse xa a tres metros e ao mellor neste momento está fallando. Xa solicitamos orzamento para arranxalo, o problema que hai é que hai que subilo un pouco máis, terei que volver a falar coa empresa, pero polo que eu sei non hai ningunha fuga...>>

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 15,23 h.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA
ORDINARIA /EXTRAORDINARIA DE DATA -----**